

Vasco – Pero que ven os meus ollos, dona Úrraca? Por favor maxestade, permita que me presente (reverencia), o meu nome é Vasco da Ponte, son historiador e xenealoxista síntome moi orgulloso de ser considerado como o eronista máis verídico e imparcial do meu tempo.

Úrraca - Saiba Vasco (xesto de desagrado), que non me gustan os historiadores.

Vasco – Supóño maxestade, pero no meu desagravio debo dicir que a miña forma de contar a historia difire bastante de como se facía na súa época. Amo a verdade e a miña obra é fiel reflexo dos feitos ocorridos, sen valoracións nin opinións de ningún tipo.

Úrraca - Compráezme oír iso Vasco.

Vasco – Por ese motivo, se vos praxe, quixese ter a oportunidade de reescribir a vosa historia en primeira persoa, sen máis intervención pola miña banda que ser o notario dos vosos records.

Úrraca - Escribamos pois a historia. Pregunte e eu responderéille, se así o considero.

Vasco – Que carácter! Parece que ,no relativo á súa personalidade, esa parte da historia si que é verdade!

Úrraca - Non llo vou negar, é un trazo de familia, como vostede xa saberá proveño dunha estirpe de mulleres formidables, intelixentes, preparadas e con moito carácter. As miñas tías Úrraca e Elvira, e a miña avoa Saneha son bos exemplos diso.

Vasco – Vostede foi a primeira raíña gobernante, e non só en España, senón en toda Europa. Algo tan insólito e extraordinario que non se volvería a producir ata pasados tres séculos, a pesar de que outras mulleres despois de vostede tamén o intentaron.

Úrraca - En ningún momento esperzi, nin busquei herdar o trono do meu pai, o certo é que dalgunha forma conxugáronse todas as condicións para que así fose.

Que o meu pai a pesar das súas sete mulleres só proezas un único fillo varón, que falecesen o meu irmán e o meu pai en moi pouco tempo, e que ao herdar o trono non tivese marido. Que o meu primeiro marido falecese antes que o meu pai, e o meu segundo matrimonio fose anulado pola igrexa. Xa o ve, Vasco, a conxunción perfecta.

Vasco – Pero vostede non tiña experiencia de goberno, non existía ningún precedente, e aínda que fose a lexítima herdadeira o seu caso era excepcional. Nalgún momento dubidou de que o conseguiría? Cal era o seu estado de ánimo?

Úrraca - Nunca dubidzi da miña capacidade para gobernar como calquera home, era máis intelixente que moitos reis e nobres da época e recibira unha educación superior para a época. Formáime nas artes liberais, o trívium –gramática, dialéctica e retórica–, o quadrivium –aritmética, xeometría, astronomía e música–, equitación e caza. Así se educaron tamén as miñas tías Úrraca e Elvira. Na miña familia, sobre todo por influencia da miña avoa Saneha, valorábase a educación por encima do xénero. No meu caso, ao existir a posibilidade de que chegase a ser a herdadeira, a miña educación eoidouse aínda máis.

Que se dubidzi ou tivén medo ao fracaso? Nalgún momento, pero lembre que por algo me alcumaron “a indomable”, sempre fun consciente que era a lexítima herdadeira do meu pai, e non ía consentir que ningún me arrebatase o que era

meu por dereito. Nin me asustaba gobernar, nin me amedrentaba que non fose ben visto, en realidade tiña tantos problemas que non podía determe nesas reflexións.

Vasco – Salvo no seu caso as mulleres non gobernaban, pero non había nada que o impedise, ningunha lei, non había nada escrito respecto diso.

Urraca - Así é Vasco e iso respondía á necesidade de traspasar os dereitos monárquicos cando non houberse home. Se o rei falzeía sen descendencia masculina, a muller herdaba o trono, aínda que de feito quen había de gobernar era o seu marido. Así foi por exemplo no caso do meu avó. A pesar de que a herdadeira ao trono era a miña avoa Sancha, o que foi coroado rei e gobernou de feito foi o meu avó Fernando.

No meu caso como aínda non nacera o meu irmán, e eu era a herdadeira llexítima o meu pai casoume moi nova, pois podería darse o caso de falzeer o meu pai e non ter marido, o que en moitas ocasións podía provocar unha loita entre os nobres por desprazarme do trono e ocupar o meu lugar. Iso foi o que lle ocorreu a outras mulleres que llexitimamente quixeron reinar, e os seus parentes disputáronlles e arrebatáronlles o trono.

Máis tarde, ao falzeer o meu irmán Sancho, e sendo eu viúva, volveron casarme contra a miña vontade con Alfonso I, pola mesma razón.

Vasco – Un matrimonio problemático, dona Urraca.

Urraca - Unha pésima elxcción, Vasco. Se o pensa, o feito de que, aínda que como unha figura dcostada, pasase á historia, e fose a única raíña por dereito propio en séculos, débollo a Alfonso I.

De ter sido Alfonso un marido ao uso, aínda que a desgana me acomodase, as cousas terían transecorrido de forma similar ao meu primeiro matrimonio. Pero o carácter de Alfonso fixo que a convivencia fose insoportable, e a pesar de que ao principio tivo apoios importantes tanto en Castela e León como en Galicia, a súa crueldade e malas manxiras fixeron que os perdesse.

Vasco – O seu reinado foi complicado, e con todo conseguiu manter o reino intacto, na miña opinión debzu ser tarxeta farto complicada.

Urraca - Non tiveren un momento de respiro, Vasco. Todo se veu abaixo por mor do matrimonio con Alfonso, o máis nefasto da miña vida. Por unha banda as nosas desavizas e continuas pexxas sumiron o reino nunha guerra civil, os rebeldes galegos que querían a independencia e poñer no trono ao meu fillo era outra fonte de problemas, a miña irmá Teresa de Portugal que buscaba sacar proveito da situación, os almorávids que acabaran coa época de paz dos reinos de taifas e que non conseguíamos derrotar, revoltas sociais.... Demasiados problemas. Como lle dicía non tiveren moito tempo para pensar se a miña situación como muller gobernante era ou non especial, bastante tiña con solucionar os problemas un tralo outro.

Vasco – A historia non a tratou ben, négalle calquera mérito de goberno, e atribúelle todos os males do seu reinado á súa condición de muller, cualificándoa de caprichosa, voluble e lasciva, entre outras lindexzas. O cronista deixa escrito que “gobornou tiránica e mullerilmente”.

Úrraca - Non é algo que me preocupara, pero tampouco é estraño que me retrataran con ese perfil tan desagradable. É o que ocorre cando a historia é contada polos inimigos. Tal é o caso por exemplo da historia Compostelá, onde saio moi mal parada.

Hai que ter en conta, que esta crónica fíxose por encargo de Diego Xelmírez un dos meus maiores detractores, que me desaprobaba e criticaba abertamente, a pesar de ser a súa raíña.

Algo similar, pero máis atenuado ocorre coas Crónicas anónimas de Sahagún, escribiuse polos monxes beneditinos do Mosteiro de Sahagún dous séculos despois dos feitos relatados.

Nun e outro caso, os historiadores son clérigos ou monxes, como era usual na época. A concepción que naquel entón a igrexa tiña da muller era bastante misóxina, a muller era a portadora do pecado orixinal, impura, e tiña que estar subordinada ao home.

A idea dunha muller gobernando era unha abominación, unha muller que pretendía gobernar como un rei, que encarecía a un bispo, que ademais vivía en pecado cos seus amantes! Estarían arrepiados, (sorri).

Vasco – Di vostede ben, dona Úrraca, sempre me asombrou a falta de rigor histórico, de moitos acontecementos non se coñece a data exacta.

Úrraca - A figura do historiador como vostede a coñeceu non existía na miña época. Para empezar poucas persoas sabían ler e escribir, e nas súas prioridades non figuraba deixar constancia dos feitos acaecidos.

Para que se faga unha idea de como se documentaban os actos correntes, saiba que non hai certeza do lugar nin do ano do meu nacemento, porque non se levaba un rexistro estricto destes datos, nin sequera das persoas de sangue real.

Ademais, hai que ter en conta que a elaboración dun libro era moi custosa, só ao aleanz duns poucos, e requiría duns coñecementos moi específicos, polo que eran os monxes e clérigos case os únicos capacitados para escribir, iluminar ilustrar e encadernar os manuscritos.

Vasco – Grazas Maxestade, parto a transcribir o que me relatou, e se lle prazc mañá continuamos a entrevista.